

Rafael F. Lorenzo (*)

"¿de quen son os areeiros / e os cons e os faros e as illas? / ¿de quen son brisa e gaivotas, / a escuma que vos salpica [...] Decídemme de quen son / praia, áreas, augas, rías"

Bernardino Graña

Comecei o roteiro en Hío, ao pé da praia de Castiñeiras. O primeiro destino era Punta Couso e a seguinte visita ao Faro. O camiño estaba lindado por sebes e valados que pretendían agochar as máis dispares construcións destinadas ao veraneo estacional. Cancelas que restrinxían o paso, obstaculizando a cada pouco a marcha con atrancos pouco enxeñosos pero efectivos. A andaina rematou ao pé dun valado que impedía o acceso indicando cun chamativo sinal de tránsito: "prohibido o paso, propiedade privada", e advertía ademais da presenza de cans soltos custodiando os predios. Imposible continuar ata o faro, un espazo público convertido en privado. O camilante vese na obriga de regresar sobre os seus pasos coa dobre frustración de non ter acadado o seu obxectivo e non poder gozar dun ben público que é de supoñer foi usurpado "ilicitamente". Asumimos e normalizamos as irregularidades cun conformismo inquietante.

Despois daquel contratempo dirixínome cara Cabo Home. A chegada a Donón levábase ao último tre-

to do percorrido. En canto divisei a coñecida escultura de Lito Portela perfectamente integrada naquel entorno natural, atravesada pola ardentía do sol e das augas mariñas, sentín que alí triunfara a harmonía. Pero non tardei en decatarme de que algo estaba a transformar aquela paisaxe, á miña esquerda erguiase un hercúleo e contrafeito sentinela amedrentándome coa súa mirada desafiante. Era un enorme monstro de cemento e cobiza, unha besta de formigón armado con cairos afiados de vil metal. Unha ambición sen límite que estaba sementando cancelas por todo o litoral, pero... como pode alguén apropiarse do mar?

Enxerguei entón a beleza espectacular do Espazo Natural da Costa da Vela e o tremendo impacto visual daqueles antolladizos e absurdas construcións que estaban dando como resultado a desfeita e alteración do medio. Pensei que abrir unha vía de acceso aos vehículos rodados naquel lugar supuxera unha auténtica alteración do hábitat e da propia organización espacial. Andei un pouco máis, algo asfixiado pola nube de po que levantaban os coches ao pasar e cheguei a pensar que o home retorce a rea-

lidade ata deturpala. Aquele pista forestal ben podería ser peonil, pero dentro duns anos probablemente estará asfaltada para facilitar a circulación dos automóviles e haberá tamén unha enorme rotonda, inaugurada e vendida por algún dirixente político como unha obra de interese xeral a prol da civilización e o pro-

abominábel edificio. Estas atrocidades urbanísticas fixéronme reflexionar sobre o maltrato estado da arquitectura tradicional galega, que estaba a ser literalmente devorada polo feísmo, esa lacra de mediocridade urbanística espallada por toda Galiza que adoita estar imbuida en todo tipo de construcións e infraes-

truturas, rachando a harmonía dos espazos con obras touticeiras que agreden a paisaxe. O feísmo, habitualmente atribuído á substitución das técnicas construtivas e dos materiais, xustificádos pola economía dos custos e o un falso funcionalismo, prodígase tamén nas ostentosas construcións levantadas en paraxes privilexiadas e "protexidas" e atenta contra o medio natural rachando toda simbiose,

dando como resultado a desfeita e o caos, a ruptura do equilibrio ecolóxico e a especulación inmobiliaria. Cómpre adoptar medidas urxentes de protección e restablecemento da legalidade urbanística, así como o control e vixilancia do seu cumprimento, para poñer fin a este aquarele inmobiliario que está destruíndo sen escrúpulos a nosa paisaxe e o noso patrimonio cultural, histórico e medioambiental.

(*) Escritor e veciño de Cangas



Punta Couso. // I.A.

greso comunitario. Chegando ao Faro de Punta Subrido puiden observar na outra beira da ría un dos maiores atropelos paisaxísticos de todo o estado español, unha illa urbanizada nos anos sesenta cun raníneas chantado no medio e medio da mesma. Lembrei que por alí andou, da man de Domingo Villar, o inspektor Leo Caldas investigando un crime cometido nun dúplex daquel